



PLAN DIXITAL

CEIP de CURTIS

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Trátase dun centro de titularidade pública, ubicado na localidade de Curtis e pertencente ao mesmo concello.

Os seus datos referenciais son os seguintes:

- *CEIP de Curtis*
- *Rúa Alcalde Espiñeira s/n, CP 15310*
- *Curtis (A Coruña)*
- *Teléfono: 881880647*
- *Código do centro: 15005932*
- *Correo electrónico: ceip.curtis.estacion@edu.xunta.gal*
- *Páxina web: <http://edu.xunta.es/centros/ceip.curtis>*

No centro impártense 2 etapas educativas: infantil e primaria e consta actualmente de 16 profesores e 128 alumnos.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O ceip de Curtis, está situado no límite oriental da provincia da Coruña, a uns 500m sobre o nivel do mar. Son terras relativamente chas que forman parte da meseta central galega. Está situado a uns 45 km da cidade da Coruña así como da de Santiago e a uns 70km .de Lugo.

O municipio ten dous núcleos de poboación: Curtis e Teixeiro. A pesar de que recibe o nome de Curtis, a casa do Concello está en Teixeiro. O resto da poboación está distribuída de forma dispersa en vivendas unifamiliares, na súa maior parte adicadas dende hai anos a actividades gandeiras, aínda que na actualidade se reduciron considerablemente..

Os aspectos socioeconómicos son os seguintes:

Tras un pequeno proceso de industrialización, parte da poboación está empregada no sector industrial, xa que unha empresa de produción de chapa de madeira do Grupo Losan é a que máis postos de traballo xera.

Actualmente, tamén hai creado un polígono industrial en Teixeiro, onde está empregada algunha xente de Curtis.

O Plan Dixital forma parte do Proxecto Educativo, aportando recursos e ferramentas dixitais para o proceso de ensino-aprendizaxe, así como para o funcionamento do centro; ademais de contribuír a unha mellora considerable da calidade do ensino. Así mesmo, nos últimos anos, a dixitalización do ensino forma parte das liñas de traballo do centro, contribuíndo deste xeito á alfabetización informacional que se pretende, neste caso, desde a biblioteca do centro. Nos últimos anos participouse en diferentes plans e proxectos da administración, destacando o PLAMBE e o Club de Lectura, sendo este dixitalizado mediante libros dixitais. Ademais, o curso escolar 2021/2022 participouse por primeira vez na Biblioteca Creativa, co fin de acadar o obxectivo mencionado.

O Plan Dixital, tamén é considerado na Programación Xeral Anual, xa que os obxectivos que se pretenden no mesmo forman parte tamén dos obxectivos que se pretenden acadar para cada curso académico.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art.11bis, art. 121 e art 132 da LO 2/2006 de 3 de maio, de educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso académico 2021-22.
- Resolución de 3 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital, nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2021-22.

1.4. Proceso de elaboración

Para o proceso de elaboración do Plan Dixital formouse un Equipo no que se integran os membros do Equipo TIC do centro e a directora.

Seguimos para a elaboración os seguintes pasos:

- Selfie: Todo o profesorado cunha antigüidade mínima de 1 ano no centro e o alumnado de 5.º e 6.º de primaria.

- Realización do TCDD, polo profesorado dos centros e equipo directivo.
- Recopilación de datos, reflexión e DAFO.
- Deseño do Plan Dixital. Plan de Acción: Definir obxectivos e acción a seguir, así como establecer competencias de realización e prazos de avaliación dos obxectivos.

2. 2.Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro educativo tivo unha traxectoria paulatina sobre a introdución das novas tecnoloxía. Nos últimos anos, tivo unha gran transformación a nivel tecnolóxico, tanto en recursos como na formación do profesorado. Sen embargo, analizando o avance da sociedade a nivel tecnolóxico, necesitamos seguir avanzando tanto na formación do profesorado como en recursos.

Actualmente, os programas de innovación nos que participa o noso centro son os seguintes:

- PLAMBE: no que as novas tecnoloxías están moi presentes. A catalogación de fondos faise a través da aplicación MEIGA; ademais conta cun blog dixital para comunicar a información ás familias, propoñer guías de lectura... actualmente, estase preparando para o préstamo dixital a través da plataforma ELBE 2.
- Club de lectura: conta con 5 tablets para préstamo ao alumnado que participa e 12 libros electrónicos.
- Biblioteca Creativa: incorporación neste curso académico 2021/2022, no que se está acercando ao alumnado á educación en STEAM.

En canto as dotacións tecnolóxicas, o noso centro educativo conta co seguinte equipamento:

Ordenadores:

- Un ordenador portátil en cada aula (14), dos cales 3 son aportados pola Consellería, 2 pola ANPA e o resto foron adquiridos polo centro.

- Unha aula de informática con 20 ordenadores de mesa, todos adquiridos polo centro.
- A sala de mestres conta con 4 ordenadores, todos eles aportados pola Consellería.
- 3 ordenadores, adquiridos polo centro educativo, que se atopan nos despachos de dirección, xefatura e secretaría.
- A biblioteca conta con 4 ordenadores da mesa, dos cales, 3 son aportados pola consellería e 1 adquirido polo centro.

Pantallas dixitais:

O centro conta con 7 pantallas dixitais, 2 non funcionan e empréganse unicamente como proxectores. O resto, están sen calibrar o que fai que sexa complicado o seu uso. 5 pantallas foron adquiridas polo centro educativo e o resto pola Consellería.

Proxectores:

As aulas que non teñen pantalla dixital contan cun proxector sobre unha pizarra branca. 5 proxectores foron aportados pola Consellería e 2 adquiridos polo centro educativo.

Tabletas:

O centro conta con 6 tabletas.

Libros electrónicos

Neste curso, o centro adquiriu 12 libros electrónicos.

A centro conta actualmente cunha conectividade de fibra óptica.

Por outra banda, o centro emprega a Aula Virtual dende primeiro ata sexto de Educación Primaria.

En canto aos servizos dixitais, unha parte do profesorado emprega o Abalarmóbil para comunicarse coas familias. As comunicacións a nivel centro, tamén se realizan dende Abalarmóbil.

O centro non conta actualmente cun protocolo relacionado coas TIC.

En canto á xestión e o mantemento do equipamento, o centro ten contratados os servizos dunha empresa con cargos ao apartado de Gastos de funcionamento do centro do orzamento anual que se percibe. Os servizos desta empresa son dúas horas cada 15 días.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Unha das fontes empregadas para a análise DAFO foi o test SELFIE. Este test de autoavaliación foi realizado polo 100% do equipo directivo, o 73% do profesorado e o 92% do alumnado.

As conclusións obtidas despois da súa análise foron as seguintes:

Áreas	Grupos	Primaria
A – Liderado	Equipo directivo	2.5
	Profesorado	2.8
B – Colaboración e redes	Equipo directivo	1.9
	Profesorado	2.5
C – Infraestruturas e Equipos	Equipo directivo	3
	Profesorado	3
D – Desenvolvemento profesional continuo	Equipo directivo	3
	Profesorado	3.3
E – Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo directivo	3.3
	Profesorado	3.6
F – Pedagogía: Implementación na aula	Equipo directivo	2.7
	Profesorado	3
G – Prácticas de avaliación	Equipo directivo	2.5
	Profesorado	2.5
H – Competencias dixitais do alumnado	Equipo directivo	2.7
	Profesorado	3
	Alumnado	3.9
PE	Equipo directivo	3.3
	Profesorado	3.6

	Alumnado	4.3
--	----------	-----

No noso centro, tamén se levou a cabo o test CDD, os datos obtidos foron os seguintes:

Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% participación
Definitivo	11	11	100 %
Provisional	4	4	100 %
Outros	1	1	100%
Substituto	1	2	50%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
71,2	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	63,3	Explorador/a (A2)	66,2	Integrador/a (B1)
Pri.	74,2	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel

Explorador/a (A2)	8	47,1%
Integrador/a (B1)	6	35,3%
Experto/a (B2)	3	17,6%
TOTAL	17	100%

2.3.

2.4. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras, realizamos unha análise DAFO de centro. As conclusións obtidas foron as seguintes:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUCTURAS – EQUIPAMENTO	<p>P.E.5 Nas aulas do centro hai equipamento informático mercado polo propio centro.</p> <p>C1. No noso centro a infraestrutura dixital respalda o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>C2. No noso centro hai dispositivos dixitais para o seu uso na ensinanza.</p> <p>C3. No noso centro facilítase o acceso a internet para o ensino e a aprendizaxe.</p> <p>C5. No noso centro dispónse de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais</p>	<p>C1. No noso centro a infraestrutura dixital respalda o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>C13. No noso centro o alumnado pode traer os seus propios dispositivos portátiles e usalos durante as clases.</p>

		<p>C7. No noso centro existen sistemas de protección de datos</p> <p>C8. No noso centro hai dispositivos dixitais que son propiedade do centro ou están xestionados por el e que o alumnado pode utilizar cando os necesita</p> <p>C10. No noso centro , hai dispositivos portátiles administrados e propiedade do centro que o alumnado pode levar á casa cando sexa necesario.</p>	
	<p>PERSOAL DOCENTE</p>	<p>A3. Apoiamos ao profesorado para que explore novas formas de ensinanza coas tecnoloxías dixitais</p> <p>A5. No noso centro respectamos os dereitos de autor e as licenzas de uso ao utilizar tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe.</p> <p>B1. No noso centro avaliamos os nosos progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>B2. No noso centro debatemos sobre as vantaxes e</p>	<p>A1.No noso centro contamos cunha estratexia dixital</p> <p>A2. Desenvolvemos a estratexia dixital do noso centro en colaboración co profesorado.</p> <p>B1. No noso centro avaliamos os nosos progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>B3. No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións</p>

		<p>desvantaxes da ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>D1. (Debatemos) co noso profesorado sobre as súas necesidades de DPC no relativo á ensinanza con tecnoloxías dixitais</p> <p>D2. O profesorado ten acceso a posibilidades de DPC no relativo á ensinanza e a aprendizaxe con TIC.</p> <p>D3. Axudamos ao profesorado a que intercambie experiencias dentro da comunidade educativa sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais</p> <p>E1. O noso profesorado busca recursos educativos dixitais en liña</p> <p>E2. O noso profesorado crea recursos dixitais para reforzar o seu labor de ensinanza</p> <p>E3. O noso profesorado emprega contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado</p> <p>E4. O noso profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo</p>	<p>B4. No noso centro colaboramos con outros centros e / ou organizacións para apoiar o uso de tecnoloxías dixitais.</p> <p>F3. O profesorado utiliza actividades de aprendizaxe dixitais que fomentan a creatividade do alumnado</p> <p>F5. O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado</p> <p>G1. O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.</p> <p>G3. O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para facilitar a retroalimentación adecuada ao alumnado.</p> <p>G5. O noso profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe</p> <p>G7. Axudamos ao profesorado a utilizar tecnoloxías</p>
--	--	---	---

	<p>E5. O noso profesorado utiliza recursos educativos abertos</p> <p>F1. O noso profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensinanza ás necesidades individuais do alumnado</p> <p>F3. O noso profesorado utiliza actividades de aprendizaxe dixitais que fomentan a creatividade do alumnado</p> <p>F4. O noso profesorado realiza actividades de aprendizaxe dixitais que motivan ao alumnado</p> <p>F5. O noso profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado</p> <p>F6. O noso profesorado fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinarios utilizando tecnoloxías dixitais.</p>	<p>dixitais para fins de avaliación</p> <p>G9. O noso profesorado utiliza datos dixitais sobre alumnos concretos para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe</p> <p>G10. O noso profesorado valora as habilidades dixitais que o alumnado desenvolveu fora do centro educativo</p>
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO		
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DE CENTRO	P.E.1. O centro só emprega servizos dixitais educativos	C13. No noso centro o alumnado pode traer os

		<p>corporativos (web, aula virtual, videoconferencia, correo corporativo...) para difundir a información do centro e o ensino virtual</p> <p>P.E.2. O equipo directivo promove o emprego de software libre no ámbito educativo</p> <p>P.E.3. Dende o centro educativo promóvese a participación do profesorado en actividades formativas individuais organizadas polas Administración Educativa para a actualización das competencias dixitais do profesorado</p> <p>P.E.4. O equipo directivo coñece a normativa relativa a adquisición de equipamento informático para os centros educativos</p> <p>C12. No noso centro temos un plan para axudar ao profesorado a afrontar os desafíos que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</p>	<p>seus propios dispositivos portátiles e usalos durante as clases.</p> <p>C16. No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe</p>
--	--	--	--

		<p>C14. No noso centro, os espazos físicos facilitan a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>C15. No noso centro, o alumnado con necesidades educativas especiais ten acceso a tecnoloxías asistenciais</p> <p>C16. No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe</p> <p>C11. No noso centro, temos medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixto, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico</p>	
--	--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>C1. No noso centro a infraestrutura dixital respalda o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>C2. No noso centro hai dispositivos dixitais para o seu uso na ensinanza.</p>	<p>C1. No noso centro a infraestrutura dixital respalda o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>C16. No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que</p>

		contéñen materiais de ensino e aprendizaxe
	LEXISLACIÓN	A4. No noso centro o profesorado ten tempo para explorar como mellorar o su método de ensinanza con tecnoloxías dixitais
	CONTORNA	
	ANPA	
	OUTRAS ENTIDADES	

3. 3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

"Área/s de mellora":H. Competencias dixitais.							
1. OBXECTIVO:	Utilizar medios dixitais oficiais para comunicarse coas familias.				Acadado		
RESPONSABLE:	Todo o profesorado.				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	1. O profesorado coñece e utiliza as plataformas de comunicación existentes. Abalar móvil. 2. As familias actualizan os seus datos no centro. 3. As familias descargan nos seus dispositivos a app móvil.						
Valor de partida	50%						
Valor previsto e data	90%				fin do curso 2022-23		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Ao comezo de curso, recordar ás familias que actualicen os seus datos, para ter acceso á plataforma Abalar móvil.	Equipo directivo e titores/as.	Mes de setembro.	Circular informativa e/ou páxina web do centro.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: A dirección empregará a app para facer chegar os comunicados xerais do centro ás familias.	Equipo directivo.	Curso 2022-23	App Abalar móvil e páxina web do centro.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: O profesorado empregará a app para comunicarse coas familias.	Profesor/a titor/a , especialista de área ou materia.	Curso 2022-23	App Abalar móvil.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

"Área/s de mellora": H. Competencias dixitais.						
2. OBXECTIVO:	Iniciarse no emprego da robótica como unha ferramenta nas áreas.				Acadado	
RESPONSABLE:	Todo o profesorado.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	1. O profesorado adquire coñecementos básicos para a utilización dos robots. 2. O alumnado adquire coñecementos básicos para a utilización da robótica. 3. Mellora da motivación e o interese do alumnado polo aprendizaxe.		Instrumento: enquisa ao profesorado.			
Valor de partida	0%					
Valor previsto e data	30%			Fin do curso 2022-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Formación do profesorado no manexo, uso e programación dos robots.	Profesorado do centro e CEFORE.	Final do primeiro trimestre do curso 2022-23.	Programa de formación permanente do profesorado, robots educativos e ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Formación do alumnado no manexo e uso dos robots.	Profesorado do centro.	Fin do curso 2022-23.	Robots educativos e ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Utilización dos robots e realización de taboleiros para a resolución de actividades.	Profesorado e alumnado	Fin do curso 2022-23	Robots, ordenadores e taboleiros.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Desenvolver actividades de robótica a través de traballo cooperativo.	Profesorado e alumnado.	Fin do curso 2022-23.	Robots, ordenadores e taboleiros.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": H – COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO.						
3. OBXECTIVO:	Iniciar na mecanografía ao alumnado da E.P.				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoas titoras.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	½ sesión semanal empregada para a práctica da mecanografía. (Instrumento: enquisa ás persoas titoras sobre os avances do alumnado)					
Valor de partida	Sen datos previos					
Valor previsto e data	30% do alumnado.			Fin do curso 2022-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Coñecer a disposición dos dedos no teclado (adaptado á idade de cada grupo)	Persoas titoras	Final do primeiro trimestre do curso 2022-23	Un ordenador por cada alumno/a, software específico (adaptado a cada nivel da etapa) e placas Makey Makey para adaptar a actividade por idades e por características do alumnado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Escribir palabras sen mirar o teclado (adaptado á idade de cada grupo)	Persoas titoras	Final do segundo trimestre do curso 2022-23	Aula de informática e software específico (adaptado a cada idade).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Escribir un texto sen mirar o teclado (adaptado á idade de cada grupo)	Persoas titoras	Fin do curso 2022-23.	Aula de informática e software específico (adaptado a cada idade).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: C – INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS							
4. OBXECTIVO:	Iniciar ao alumnado de Educación Infantil no uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.					Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado de cada área/materia.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	2 sesións semanais destinadas a traballar as TIC. (Instrumento: enquisa pasada ás persoas titoras dos grupos)						
Valor de partida	Non aplica (sen datos previos)						
Valor previsto e data	30 % do alumnado				Fin do curso 2022-23		
ACCÍONS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO4.1: O profesorado coñece o manexo e funcionamento básico da PDI e/ou Monitor Interactivo.	Profesorado de cada área/materia.	Final do primeiro trimestre do curso 2022-23	PDI ou Monitor Interactivo. Aula virtual do centro. Software específico.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2: O alumnado realiza actividades interactivas nas PDI da súa aula.	Profesorado de cada área/materia.	Fin do curso 2022-23.	Unha PDI ou Monitor Interactivo, Aula de informática (e Monitor interactivo) e software específico.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.3: O alumnado realiza actividades interactivas no ordenador e coñece o funcionamento básico deste.	Profesorado de cada área/materia.	Fin do curso 2022-23.	Un ordenador para cada alumno/a, 2 ordenadores en cada aula da etapa, monitor interactivo e software específico.		Realizada		

3.2. 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto ás necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas que o noso centro necesita para afrontar esta nova etapa na que nos atopamos e poder levar á práctica o redactado neste plan, recóllense na seguinte táboa, relacionando cada necesidade co obxectivo do PD para o que sería necesario.

	DOTACIÓN	NECESIDADE	FINALIDADE	OBXECTIVO
Equipamento	3 ordenadores de sobremesa	Nos despachos de dirección os equipos están obsoletos.	Optimizar o tempo para o bo funcionamento do centro e a consecución dos obxectivos.	1
Equipamento	9 robots educativos (M-bot ou similar)	No centro hai soamente un scornabot e non é suficiente.	Consecución do obxectivo de iniciar ao alumnado na robótica.	2
	9 tablets (se son necesarias para o funcionamento dos robots)			
Equipamento	25 placas Makey Makey	No centro non se dispón de ningunha	Poder facer prácticas de mecanografía co alumnado de 1.º e 2.º de primaria, adaptando as teclas ao tamaño da man.	3
Equipamento	25 ordenadores de sobremesa	Equipos da aula de informática obsoletos e adquiridos polo centro de segunda man	Poder traballar co alumnado na aula de informática para conseguir o obxectivo.	3
Servizos dixitais	Software mecanografía	Non se dispón de ningún	Imprescindible para a consecución do obxectivo.	3
Equipamento	2 ordenadores portátiles	Renovar o equipo da especialidade de PT por estar obsoleto e non funcionar ben. Adquirir un equipo para a especialidade de AL xa que non conta con el.	Estas especialistas tamén traballan co alumnado, polo que, este equipamento é imprescindible para contribuír á consecución do obxectivo.	3 e 4
Equipamento	2 tablets	Na aula de PT e de AL non se dispón deste material	Imprescindibles para o alumando con necesidades específicas de apoio educativo.	3 e 4

Equipamento	7 monitores interactivos	Nas aulas de infantil contamos con Ecerados Interactivos obsoletos, non funcionan e non serven para arranxar. Nas aulas de Inglés, Música, PT e AL non se dispón de ningún.	Imprescindibles nas aulas de infantil para poder conseguir o obxectivo.	4
Equipamento	3 ordenadores portátiles	Nas aulas de infantil temos equipos obsoletos e con fallos continuamente.	Imprescindible ter equipos funcionais para a consecución do obxectivo.	4
Equipamento	1 proyector	Na aula de informática non se dispón de ningún.	Imprescindible para exemplificar ao alumnado e, ao mesmo tempo, para a consecución dos obxectivos.	1, 2, 3 e 4
Equipamento	1 monitor interactivo	Na aula de informática non se dispón de ningún.	Imprescindible para exemplificar ao alumnado e, ao mesmo tempo, para a consecución dos obxectivos.	1, 2, 3 e 4
Equipamento	1 ordenador de sobremesa	Na aula de informática non se dispón de ningún para o profesorado.	Imprescindible para exemplificar ao alumnado e, ao mesmo tempo, para a consecución dos obxectivos.	1, 2, 3 e 4
Infraestrutura	Cableado e conexións na Aula de informática. Redistribución da mesma.	Na aula de informática están os equipos colocados en mesas cara ás paredes.	Imprescindible colocar as mesas dos equipos da aula de informática de cara á pantalla.	1, 2, 3 e 4

4. Avaliación do plan

En canto á avaliación do plan, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital reunirse periodicamente para analizar e comprobar a evolución da consecución dos obxectivos previstos.

Levarase a cabo unha avaliación procesual que se realizará como mínimo unha vez ao trimestre. Para esta avaliación usaranse os instrumentos que se indican nas táboas dos obxectivos. Así, comprobarase o valor e o progreso de cada obxectivo e formularanse propostas de mellora, se fora o caso, co fin de reconducir a acción e poder acadar a consecución dos obxectivos segundo se temporizaron na organización inicial.

Ademais, ao final de curso realizarase unha avaliación final valéndose de cuestionarios sobre os indicadores que se pasarán ás persoas responsables de cada un deles.

Preténdese valerse da avaliación para formular propostas de mellora e establecer obxectivos de cara ao vindeiro curso escolar.

5. Difusión do plan

Por outro lado, seguindo o indicado na *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*, o plan será aprobado polo Consello Escolar no último trimestre do curso 2021/2022, unha vez oído o claustro.

Así, seguindo o anterior, no noso centro, levarase o plan á sesión do Claustro no mes de xuño e ao Consello Escolar na sesión ordinaria do mesmo mes para a súa aprobación, se procede.

Unha vez aprobado polo Consello Escolar, este Plan Dixital será difundido a toda a comunidade educativa a través da páxina web do centro.